

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

AMES

Inicio de expediente de investigación patrimonial respecto dun camiño peonil en Castrigo, Ames

ANUNCIO

INICIO DE EXPEDIENTE DE INVESTIGACIÓN PATRIMONIAL RESPECTO DUN CAMIÑO PEONIL EN CASTRIGO, AMES

Por Decreto desta Alcaldía núm. 2688/2019, de 15 de outubro, resolveuse

“**Primeiro.** Iniciar expediente administrativo de investigación patrimonial do seguinte ben que se presume de propiedade municipal con el fin de determinar a súa titularidade:

- Camiño peonil sito en Castrigo, lindante coas parcelas con referencias catastrais 7764102NH2476S0001SD, 7764103NH2476S0001ZD, 7764104NH2476S0001UD, 7764107NH2476S0001AD, 15002A509032920000BU, 7764110NH2476S0001AD e 7563807NH2476S0001RD

Segundo.- Publicar o acordo de iniciación do expediente de investigación no Boletín Oficial da Provincia. Un exemplar de dito boletín exporase no taboleiro de anuncios do Concello de Ames durante quince días.

Terceiro.- Dar traslado do acordo de iniciación do expediente á administración estatal e autonómica para que estas, no seu caso, poidan facer valer os seus dereitos e alegar o procedente.

Cuarto.- Notificar persoalmente aos afectados polo expediente de investigación que resulten coñecidos e identificables.

Quinto.- No prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao que deba darse por terminada a publicación dos anuncios no taboleiro do Concello de Ames, poderán as persoas afectadas polo expediente de investigación alegar por escrito canto estimen conveniente ao seu dereito ante a Corporación, acompañando todos os documentos en que funden as súas alegacións.”

Ames, 17 de outubro de 2019

O alcalde

José M. Miñones Conde

2019/8428